



PROXECTO

EDUCATIVO

CEIP PRAIA DE QUENXE

Corcubión – A Coruña
Xuño 2011



ÍNDICE

1. Marco Legal
2. Análise xeográfica, histórica e sociolóxica do concello de Corcubión
 - 2.1. Orixes de Corcubión
 - 2.2. Idade Media en Corcubión
 - 2.3. Idade Moderna en Corcubión
 - 2.4. Época contemporánea en Corcubión
 - 2.5. Servizos
3. Datos de identificación do Centro
 - 3.1. Características do Centro
 - 3.2. Sinais de identidade
 - 3.3. Órganos colexiados
 - 3.4. Órganos de coordinación docente
 - 3.4.1 Outros mestres
 - 3.4.2 Outros equipos
4. Aspectos curriculares xerais
 - 4.1. Currículo de Educación Infantil
 - 4.2. Currículo de Educación Primaria
 - 4.3. As competencias básicas
5. Decisións xerais sobre a metodoloxía
 - 5.1. A liña metodolóxica
 - 5.2. Principios pedagóxicos xerais
 - 5.3. A metodoloxía en Educación Infantil
 - 5.4. A metodoloxía en Educación Primaria
 - 5.5. Selección de materiais e recursos
6. Criterios xerais do centro sobre a avaliación e promoción do alumnado
 - 6.1. A avaliación
 - 6.2. Criterios xerais do centro sobre a promoción do alumnado
 - A. Promoción do alumnado de Educación Primaria
 - B. Criterios e principios de promoción en Educación Primaria
7. Liñas xerais de atención á diversidade.
8. Criterios para introducir os valores nas distintas materias
 - 8.1. Educación en valores
9. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións xerais.

XUSTIFICACIÓN E DEFINIÇÃO DO PROXECTO EDUCATIVO

A Lei Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de Educación, establece que os centros públicos elaborarán o Proxecto Educativo no que se recollerán os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Asemade, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar en Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas ou materias.

O Proxecto Educativo deberá ter en conta as características do entorno social e cultural do Centro, recollerá a atención á diversidade do alumnado e a Acción Titorial, así como o plan de convivencia e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de Educación e na Lei Orgánica 8/1995, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.

As intencións deste Proxecto Educativo articúlanse a través dos seguintes grandes eixos:

1. A equidade, que garante unha igualdade de oportunidades de calidade, para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, o respecto aos principios democráticos e aos dereitos e liberdades fundamentais.
2. A capacidade de transmitir valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade social, a cohesión e mellora das sociedades, e a igualdade de dereitos entre sexos.
3. A participación dos distintos sectores da comunidade educativa, no ámbito das correspondentes competencias e responsabilidades, no desenvolvemento da actividade escolar dos centros, promovendo, especialmente, o necesario clima de convivencia e estudo.
4. A concepción da educación como un proceso permanente.
5. A consideración da responsabilidade e do esforzo como elementos esenciais do proceso educativo.
6. A flexibilidade, para axeitar a súa estrutura e a súa organización aos cambios, necesidades e demandas da sociedade, e ás diversas aptitudes, intereses, expectativas e personalidade do alumnado.
7. O recoñecemento da función docente como factor esencial da calidade da educación, manifestado na atención prioritaria á formación e actualización dos docentes e a súa promoción profesional.
8. A capacidade dos alumnos/as para confiar nas súas propias aptitudes e coñecementos, desenvolvendo os valores e principios básicos da creatividade, iniciativa persoal e espírito emprendedor.

1. MARCO LEGAL

A comunidade escolar está formada por persoas con plenos dereitos e deberes recoñecidos no marco da Constitución Española. O artigo 27 da Constitución Española di:

- 1.- Todo os españois teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino.
- 2.- A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
- 3.- Os poderes públicos garanten o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
- 4.- O ensino básico é obrigatorio e gratuíto.
- 5.- Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, coa participación efectiva de tódolos sectores afectados e a creación de centros docentes.
- 6.- Recoñécese ás persoas físicas e xurídicas a liberdade de creación de centros docentes, dentro do respecto ós principios constitucionais.
- 7.- Os mestres, os pais e, no seu caso, os escolares intervirán no control e xestión de tódolos centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza.
- 8.- Os poderes públicos inspeccionarán e homologarán o sistema educativo para garantir o cumprimento das leis.
- 9.- Os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos que a lei estableza.
- 10.- Recoñécese a autonomía das universidades, nos termos que a lei estableza..

A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de Abril, Do Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 31 di:

“E da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e grados, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas Leis Orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía”

A esta primeira referencia legal debemos engadir as leis educativas básicas que, en diferente grao, conforman o marco legal que orienta a vida dos centros escolares:

- *Lei 8/195 de 3 de xullo, Orgánica reguladora do dereito á educación (BOE do 04/07/1985).*
- *LOXSE. Lei Orgánica 1/1990 de 3 de outubro de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (BOE 04/10/1990).*
- *LOPEGCE: Lei Orgánica 9/1995 da Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes (LOPEGCE), (BOE 21/11/1995)*
- *Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación*

PROXECTO EDUCATIVO

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006)*
- *RD 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil (BOE do 04/01/07)*
- *RD 1513/2006, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.(BOE 8/12/07)*
- *Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 330/2009 do 19 de xuño de 2009 polo que se establece o currículo da Educación Infantil. (DOG 23/07/09)*
- *Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 30/11/07)*
- *Orden 3960/2006, de 19 de decembro, pola que se establece o currículo e se regula a ordenación da Educación Infantil. (BOE 5/01/08)*
- *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG 10/07/09).*
- *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96).*
- *Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).*
- *Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican, entre outras a Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*
- *Decreto 120/1998 do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*
- *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.*
- *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.*
- *Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares en Galicia.*

PROXECTO EDUCATIVO

- *Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibiliza a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións especiais de sobredotación intelectual.*
- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.*
- *Orde do 17 de Xullo de 2007 pola que se regula a relación laboral do profesorado de relixión e se ditan instrucións relativas a provisión de postos.*
- *Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula a o procedemento de admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros sostidos por fondos públicos.*
- *Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.*
- *Outras leis que poidan afectar ao normal funcionamento do centro escolar e que veñan determinadas pola Administración Pública correspondente.*

2. ANÁLISE XEOGRÁFICA, HISTÓRICA E SOCIOLÓXICA DO CONCELLO DE CORCUBIÓN

O concello de Corcubión está situado no extremo oeste de Galicia, na máis alta das Rías Baixas e formando parte da denominada Costa da Morte.

Aséntase sobre unha pequena península que, con forma rectangular e rodeada polo municipio de Cee, adéntrase no Océano Atlántico entre a enseada de Estorde e a ría. Neste pequeno territorio os relevos máis elevados están ao redor dos 150 e 200 metros de altitude, localizándose no centro da península, dende onde descenden cara o mar. Na ladeira orientada ao mediodía, ao abrigo dos ventos e temporais, esténdese a Vila de Corcubión.

O concello de Corcubión é un dos máis pequenos de Galicia, ten unha extensión de 7,6 km² e unha poboación duns 2000 habitantes. Está constituído por dúas parroquias, San Marcos de Corcubión (zona urbana) e San Pedro de Redonda (zona rural).

2.1. ORIXES DE CORCUBIÓN

As orixes de Corcubión son incertas, porén a procedencia prerromana do topónimo indica que este territorio estivo poboado desde moi antigo. Os restos de antas ou castros existentes no municipio son vestixios vivos deste pasado.

Sobre a etimoloxía do topónimo Corcubión a interpretación máis acertada considera que as raíces deste nome estarían no celta ou no luso-galaico

arcaico. As voces *corcu* ou *corco* que significan **círculo** e *-bión/-beón* que significan **lago**, darían lugar a un **círculo ou fondo de lago** ou a unha **enseada curviforme**.

O porto de Corcubión ten importancia dende tempos antigos. Hai historiadores que localizan aquí o *Arrotrebarum portus* do que falan os clásicos. Dende logo, a súa poboación prerromana pertencía á tribo dos nerios, coma toda a comarca fisterrá, segundo ás descrições dos xeógrafos greco-romanos.

2.2. IDADE MEDIA EN CORCUBIÓN

O núcleo primitivo de Corcubión tivo a súa orixe máis ao interior da súa situación actual. A partir do século XIII, cando os piratas deixan chegar ás costas, a poboación comeza a instalarse na beiramar e constrúese a igrexa parroquial de San Marcos. Desta época é tamén a igrexa de San Pedro de Redonda. É a partir da Idade Media cando comeza a coñecerse ben a historia de Corcubión, cando a Vila pasa a depender dos Condes de Traba e Trastámara. O antigo pazo dos Condes de Traba é testemuño desta etapa. Posteriormente pasa a depender da casa dos Altamira. Como reflexo desta dependencia está o Pazo de Altamira.

2.3. IDADE MODERNA EN CORCUBIÓN

A partir do século XVIII instálanse industrias de salgadura con capital de familias nobres e burguesas catalás, actividade que se consolidou no século seguinte. Para defender a ría ante ataques do exterior constrúese no século XVIII o Castelo do Cardeal. Esta fortificación forma parella co Castelo do Príncipe, na Ameixenda (Cee), situado ao outro lado da ría, e permitía, mediante fogo cruzado a defensa da enseada de Corcubión.

A principios do século XIX, o pobo de Corcubión loitou contra a ocupación francesa. En resposta a esa resistencia, os exércitos franceses incendiaron e saquearon a vila.

Na segunda metade do século XIX e principios do XX prodúcese en Corcubión un auxe económico que se reflicte na construción de varios edificios modernistas (Casa Miñóns, por exemplo).

2.4. ÉPOCA CONTEMPORÁNEA EN CORCUBIÓN

No século XX, Corcubión sofre a emigración como o resto de Galicia, principalmente a Bos Aires. Chégase a realizar unha intensa actividade cultural e produto desta e máis do capital achegado polos emigrantes constrúense na zona numerosas escolas.

Durante a época da II República e a Guerra Civil, Corcubión, xunto coa veciña Cee, foi un dos núcleos politicamente máis activos da zona debido ao movemento obreiro que se organizou en torno á fábrica de carburos. A actividade cultural en Corcubión foi moi importante nestes anos, nomeadamente a teatral.

Na actualidade Corcubión é cabeza de partido xudicial e concentra a maioría dos servizos administrativos do extremo occidental galego, segue vivindo da pesca e o marisqueo máis tamén da industria, a construción e sobre todo do sector servizos que ocupa un 70% da poboación activa. Na década dos setenta

PROXECTO EDUCATIVO

a vila recibe varios galardóns que premian a súa pulcritude e beleza destacando o premio estatal concedido polo Ministerio de Obras Públicas en 1964. En 1984 a vila foi declarada “Conxunto Histórico-Artístico” e no ano 2000 “Municipio Turístico Galego” pola Xunta de Galicia. Nos últimos anos, un auxe do turismo atrae á vila señorial de Corcubión a visitantes de todo o mundo. Todas estas declaracións indican o enorme patrimonio cultural que posúe Corcubión, que ademais do xa salientado conta con gran cantidade de exemplos de arquitectura popular, como son as cabaceiras ou hórreos, os muíños, os pombais e os cruceiros.

2.5. SERVIZOS

No concello de Corcubión aséntanse unha grande cantidade de servizos de toda a zona; entre eles destacamos:

- Capitanía do Porto
- Casa do mar
- Centro de Atención Primaria
- Centro Social
- Confraría de pescadores
- Servizo de Correos
- Garda Civil
- Garda Civil de Tráfico
- Instituto Nacional da Seguridade Social
- Rexistro da Propiedade
- Servizo de Augas de Corcubión
- Servizo de Recadación Provincial
- Servizos Portuarios
- Tesourería Xeral da Seguridade Social
- Xulgado 1ª Instancia

Entre os servizos municipais destácanse:

- Axencia de desenvolvemento local
- Campo de fútbol
- Casa da Cultura
- Casa do Concello
- Cemiterio Municipal
- Gardería Infantil
- Oficina de Información Xuvenil
- Oficina virtual do Catastro
- Pavillón Polideportivo Municipal
- Policía Local
- Protección Civil
- Punto de Información ás Mulleres
- Radio Neria
- Rexistro da Administración Xeral do Estado
- Rexistro da Deputación Provincial da Coruña
- Rexistro da Xunta de Galicia.

3. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Nome.....CEIP Praia de Quenxe
 Código do centro.....15003789
 Enderezo.....Rúa de Quenxe, nº 18
 Localidade.....Corcubión (San Marcos)
 Código Postal.....15130
 Provincia.....A Coruña
 Teléfono/fax.....981745960
 Correo electrónico.....ceip.praia.quenxe@edu.xunta.es
 Sitio web.....http://centros.edu.xunta.es/ceippraiaquenxe
 NIF.....Q6555651F
 IES adscrito.....IES Fernando Blanco- Cee
 Titularidade.....Pública
 Ensino que abarca.....2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

Unidades e postos de traballo:

Unidades

ED. INFANTIL	ED. PRIMARIA	TOTAL
2(*)	6	8

(*) Actualmente hai tres unidades de Educación Infantil pero por catálogo corresponden só 2.

Postos de traballo por catálogo::

Educación Infantil: 2
 Educación Primaria:5
 Filoloxía Francesa:1
 Filoloxía Inglesa:1
 Educación Musical:1
 Pedagogía Terapéutica:1
 Educación Física:1
 Relixión Católica:1
 Orientación:1 compartida co CEIP Santa Eulalia de Dumbría.

3.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CEIP Praia de Quenxe foi construído entre os anos 92 e 93. Na actualidade funciona como centro de Educación Infantil e Primaria.

Hai arredor de 86 alumn@s matriculados, aínda que esta matrícula flutúa por motivos laborais ao longo do curso, tendo en conta isto a rateo de alumn@ por aula é de 10. O alumnado procede basicamente do concello de Corcubión se ben nos últimos cursos o centro ven incrementando a súa matrícula con nen@s dos concellos limítrofes de Cee e Fisterra.

PROXECTO EDUCATIVO

O edificio está composto de baixo, un andar e baixo cuberta. Na actualidade a distribución dos espazos é a seguinte:

Planta baixa:

Sítúanse as unidades de 1º Ciclo, 2º Ciclo e 5º de EP, así como unha aula de pretecnoloxía, o comedor escolar, servizos de alumn@s, servizos de mestr@s, local que usa a ANPA ALÉN, xefatura de estudos, sala de profesores, dirección, consexería, almacén, cuarto de limpeza, biblioteca e un aseo.

No primeiro andar sitúanse a aula de 6º EP as aulas de Educación Infantil, 4º, 5º e 6º de EI, aula de Pedagogía Terapéutica, Secretaría, despacho de orientación, aula de informática, aula de música, laboratorio (empregado como aula de inglés), servizos de nen@s e unha titoría (que se emprega como aula de Audición e Linguaxe).

No baixo cuberta está situado o ximnasio e enfronte un aseo con ducha.

O centro está adaptado, mediante rampas, para alumnado que tivera dificultade de mobilidade excepto no acceso ao ximnasio.

O colexio conta cun patio cuberto dunha superficie aproximada de 800 m.² con varias zonas de xogo: baloncesto, xogos tradicionais como a mariola...

Ademais existe unha superficie aproximada de patio descuberto de uns 1.500 m², distribuídos en varios espazos diferentes: parque infantil, recentemente remodelado con bambán, balancíns etc., zona asfaltada, onde chega o autobús escolar para deixar e recoller aos alumn@s, pero que tamén empregan os nen@s para xogar, e zonas verdes axardinadas.

Cóntase anexo ao recinto escolar coas instalacións do Pavillón Polideportivo Municipal, que é utilizado por diversas entidades fóra da xornada lectiva e do que o centro dispón de maneira exclusiva dentro do horario escolar e ao que acoden os nen@s que fan uso do comedor escolar e unha vez que rematan o xantar. O Pavillón conta cunha pista polideportiva de parqué e preparada para varios deportes.

Persoal non docente

O centro dispón de un conserxe e dúas limpadoras que dependen laboralmente do concello de Corcubión.

Servizos Complementarios

O centro dispón de transporte escolar contratado pola Consellería de Educación coa empresa Autos Vázquez que realiza 4 servizos diarios e que actualmente só ten unha liña de transporte que empregan de xeito habitual uns 40 alumn@s.

Dende hai pouco o centro tamén conta con comedor escolar, xestionado pola ANPA contratando a empresa “Manduca” de catering e que o concello subvenciona nun 50% con becas para o alumnado.

ANPA

O centro ten unha asociación de pais/nais: ANPA “ALÉN” que oferta numerosas actividades extraescolares para o alumnado despois da xornada

lectiva e que está, asemade, moi implicada nas distintas celebracións que se producen no centro: Nadal, Entroido...

As actividades da ANPA son financiadas pola propia asociación con cotas dos socios, subvencións e matriculas aos asistentes.

3.2 SINAIS DE IDENTIDADE.

A LOE, Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio no seu Preámbulo comeza dicindo:

“As sociedades actuais conceden gran importancia á educación que reciben os seus moz@s, na convicción de que de ela dependen tanto o benestar individual como o colectivo. A educación é o medio máis axeitado para construír a súa personalidade, desenvolver ao máximo as súas capacidades, conformar a súa propia identidade persoal e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica.

A mesma Lei no Título Preliminar, Capítulo I, define os **principios e fins da educación**:

- Artigo 1. Principios.

O Sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentando nel o respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.

c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía, democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a inxustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

d) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.

e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como os cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

f) A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.

h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

i) A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento dos centros docentes.

j) A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

PROXECTO EDUCATIVO

k) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

l) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.

m) O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

ñ) A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

o) A cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas na definición, aplicación e avaliación das políticas educativas.

p) A cooperación e colaboración das Administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implimentación da política educativa.

- Artigo 2. Fins.

1.O sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins:

a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumn@s.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade centro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos.

d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.

e) A formación integral para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular o valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

f) O desenvolvemento da capacidade dos alumn@s para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

h) A adquisición de hábitos saudables intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.

i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.

j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, e nunha ou máis linguas estranxeiras.

PROXECTO EDUCATIVO

k) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

2) Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorezan a calidade do ensino e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación.

Dentro das nosas sinais de identidade poderíamos destacar os seguintes puntos:

➤ CONFESIONALIDADE:

Este centro defínese, como público que é, aconfesional. Respetará todas as crenzas e confesións do alumnado, profesorado, pais, nais e demais membros da Comunidade Educativa, renunciando a toda manifestación de adoutramento e sectarismo, acatando as normas que sobre este punto ditamine a Administración Educativa.

➤ PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS:

A educación desenvolverase nun marco de tolerancia e respecto á liberdade dos demais e as súas conviccións, mantendo unha naturalidade ideolóxica diante de toda a Comunidade Educativa.

Fomentarse nos nenos e nenas a asunción de valores dunha sociedade democrática, tales como:

- Solidariedade
- Respecto aos demais
- Actitude de diálogo
- Educación para a paz, o medio ambiente e o respecto aos dereitos humanos
- Participación.
- Tolerancia e respecto ás liberdades individuais.
- Capacidade crítica.

➤ COEDUCACIÓN E INTEGRACIÓN:

Potenciarase a igualdade entre os sexos ao mesmo tempo que non se deixarán de apreciar as diferenzas individuais e identidades respectivas . Así tratarase de ir máis aló da formulación do ensino mixto, orientándonos polos principios de coeducación.

Darase resposta aos intereses e ás necesidades educativas de todos os alumn@s. Os principios de integración e de individualización serán a guía da acción educativa. Terase en conta a diversidade cultural como un referente para a realización dun labor integrador.

PROXECTO EDUCATIVO

➤ ESCOLA ABERTA:

Educар supón o desenvolvemento do alumnado nas competencias necesarias para que cheguen a ser homes e mulleres que busquen a súa plena realización e se comprometan na construción dunha sociedade máis xusta e solidaria. Así pois, tentaremos construír unha escola ao servizo dos educandos e da comunidade para lograr o máximo de comprensión da mesma e de relación activa entre a comunidade e o contexto no que se desenvolve o seu proceso educativo. Deste xeito enténdese que para lograr os obxectivos hai que ter en conta as seguintes accións:

- Propoñer actividades que favorezan a comunicación, o sentido de pertenza ao grupo e a colaboración.
- Fomentar o respecto e a valoración de todas as persoas, sen discriminación de raza, sexo, crenzas, cultura, etc,...
- Alentar a responsabilidade social e a construción e defensa da paz.
- Fomentar a adquisición de hábitos de realizar por un mesmo aprendizaxes significativas, reflexionar, analizar e tomar posturas persoais ante feitos e decisións.
- Ofrecer recursos variados, adaptados a diferentes aptitudes e intereses.
- Propoñer distintos niveis de dificultade e actividades de reforzo.
- Diversificar os métodos e técnicas de traballo.
- Favorecer a formación de xuízos persoais fundamentados, ante as situacións da vida.
- Axudar ao profesorado a fomentar a liberdade de acción dos alumn@s respectando as súas decisións e colaborando na súa execución.

Tendo en conta todo isto o CEIP Praia de Quenxe desenvolverá un modelo educativo:

- Baseado na aprendizaxe significativa, que se interesa polo proceso curricular e desenvolve a súa autonomía pedagóxica coa elaboración dun Proxecto Educativo propio.
- Será obxectivo último do proceso ensino-aprendizaxe que os alumn@s sexan capaces de aprender a aprender, é dicir, a posibilidade de que realicen aprendizaxes por si sos en circunstancias e situacións diversas. Para iso a aprendizaxe debe ser:
 - Significativa, entendendo isto como un proceso de construción de significativos, percibindo ou entendendo un aspecto da realidade ate ese momento non entendido ou percibido, e que empeza a cobrar sentido a partir das relacións que os alumn@s sexan capaces de establecer co que xa sabían, cos esquemas de coñecementos con que xa contaban.
 - Funcional, que permita empregar os coñecementos adquiridos para resolver problemas concretos en contextos diversos.
- Cremos, asemade, que é fundamental que o alumnado comprobe que os novos coñecementos lle son útiles nun dobre sentido:
 - Para solucionar problemas da vida cotiá.

PROXECTO EDUCATIVO

- Para entender mellor a realidade presente na que se move, permitíndolle adquirir outros coñecementos.
- Requisitos para unha aprendizaxe significativa:
 - Empregar coñecementos potencialmente significativos.
 - Que os contidos estean acordes co nivel de desenvolvemento, á vez que conecten cos coñecementos previos.
 - Lograr a motivación ou predisposición favorable do alumnado para relacionar o novo concepto co que xa sabe.
 - Memorización comprensiva.
- Coherentemente requírese o segundo modo de intervención didáctica:
 - Partir dos coñecementos previos dos alumn@s.
 - Proporcionar estímulos positivos, motivar ao alumnado.
 - Asegurarse que o alumn@ sabe o que se fai, o seu por qué, que lle encontra sentido.
 - Utilizar unha metodoloxía didáctica axeitada ao individuo, ao grupo e ao contido.
 - Avaliar formativa e constantemente o proceso, en función da marcha procesual, e cambiar, no seu caso, as axudas pedagóxicas, (temporalización, actividades, intervención do profesorado, organización...).

3.3. ÓRGANOS COLEXIADOS

Equipo Directivo

A LOE recolle no Título V a Participación, autonomía e goberno dos centros, sendo no capítulo IV, dirección dos centros públicos, e nos artigos 131 ao 139 onde se refire especificamente ao equipo directivo, o artigo 132 fai referencia ás competencias do director.

Por número de unidades e segundo a lexislación vixente ao CEIP Praia de Quenxe correspóndenlle, asemade, os órganos unipersoais de Xefatura de estudos e Secretaría.

As funcións e competencias que corresponden a cada un dos órganos unipersoais que forman o Equipo directivo recóllense no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, reflectidos no Título II capítulo I artigos do 9 ao 35.

Criterios de funcionamento:

- As decisións do Equipo Directivo asúmense conxunta e colexiadamente, o que non contradí o que cada membro do equipo se responsabilice, por cuestións de operatividade, de tarefas e ámbitos concretos.
- Se ben o funcionamento do centro ten que aterse á normativa vixente, tanto externa (senalada no marco legal) como interna (RRI), o principio de democracia que debe impregnar todas as actuacións leva implícita a toma de decisións compartida cos diferentes órganos do centro: Consello Escolar, Claustro, Comisión de Coordinación Pedagóxica e equipos de ciclo, ate esgotar todas as posibilidades de acordo e consenso.

PROXECTO EDUCATIVO

- Impulsar traballos e proxectos creativos en calquera ámbito da vida do centro, tanto a nivel colectivo como individual.

De xeito resumido poderíamos dicir que a actuación do Equipo Directivo do CEIP Praia de Quenxe baséase na corresponsabilidade , distribucións de funcións, consenso, transparencia informativa e potenciación das actividades encamiñadas ao perfeccionamento profesional.

✓ CLAUSTRO DE MESTRES/AS

O claustro de mestres/as é o órgano pedagóxico supremo do centro, cuxas competencias veñen recollidas na LOE no Título V, participación no funcionamento e goberno dos centros, Capítulo III, Órganos colexiados de goberno e coordinación docente dos centros públicos, artigos 128 (composición) e 129 (competencias). Así como no Decreto 374/1996 Regulamento Orgánico das escolas de infantil e dos colexios de Educación Primaria, que no seu artigo 47 regula as competencias de este órgano colexiado.

Participa así mesmo, de responsabilidades de goberno e xestión, a través dos seus representantes no Consello Escolar.

Ao obxecto de facilitar a presentación de propostas, fixar criterios e a aprobación e avaliación de todo o relativo a aspectos docentes é o ciclo a canle axeitada para unha información e debate previo, sempre considerando que as decisións se tomarán no claustro co voto individual de cada un dos seus membros.

Como é preceptivo e para cumprir estas funcións o claustro reunirse , como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o/a director/a ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros.

Nas reunións do claustro buscarase unha dinámica que, ademais da intervención do Equipo Directivo, os coordinadores de ciclo e o profesorado a título persoal, fagan intervencións construtivas sobre os temas a debater.

✓ CONSELLO ESCOLAR.

O consello escolar é o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A LOE no seu Título IV, capítulo III, sección primeira inclúe no artigo 126 a composición do consello escolar que no CEIP Praia de Quenxe consta de 5 representantes de mestres/as, 4 representantes de pais/nais, 1 representante da ANPA, 1 representante do concello, 1 representante do persoal de servizos, a xefatura de estudos, o director/a, que será o seu presidente/a, e a/o secretaria/o do centro que actuará con voz pero sen voto. No artigo 127 relaciona as diferentes competencias que terá este órgano non colexiado.

O consello escolar do centro reunirse sempre que haxa temas que tratar e, polo menos, unha vez ao trimestre. No seo do mesmo funcionarán, con carácter permanente, a Comisión Económica e o Observatorio de Convivencia, así como outras comisións que se consideren necesarias.

3.4. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

O Título III do R.O.C. trata dos órganos de coordinación docente nos centros de Educación Infantil e Primaria abarcando os seguintes equipos:

❖ EQUIPOS DE CICLO

O funcionamento coordinado entre os mestres/as dun mesmo nivel e entre os mestres/as de niveis diferentes é indispensable, tanto para a consecución dun mellor rendemento educativo, como para unha efectiva realización da Programación Xeral Anual. Os equipos de Ciclo, que agruparán a todos os mestres/as que impartan docencia, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do Xefe/a de estudos, as ensinanzas propias do Ciclo.

- Cada un dos Equipos de Ciclo estará dirixido por un Coordinador/a. Os/as coordinador@s, desempeñarán o seu cargo durante dous cursos académicos e serán designados polo director/a, oído o equipo de ciclo.
- Os Equipos de Ciclo reuniranse, alomenos, unha vez cada mes e a asistencia será obrigatoria para todos os seus membros. Das devanditas sesións levantará acta o coordinador/a co resumo do tratado.

A composición, funcións, e competencias están reguladas no Regulamento Orgánico de centro no Título III Capítulo I artigos do 54 ao 60 (Decreto 374/96 do 17 de outubro).

❖ COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estará integrada polo director/a, como presidente, o/a xefe/a de estudos, os coordinadores/as de Ciclo, o mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica, o orientador/a do centro e o/a coordinador/a do ENDL. Actuará como secretario/a un membro da comisión, designado polo Director/a do centro, oídos os restantes membros.

As súas competencias axústanse ao Capítulo II, artigos 61 e 62 do Decreto 374/96 do 17 de Outubro.

❖ EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA.

Para a potenciar o uso da lingua galega os centros disporán dun Equipo de Normalización e Dinamización da lingua, constituído por:

- Un mestre/a de cada ciclo, a proposta dos seus integrantes.
- Un membro do persoal de servizos.
- O Coordinador, que será nomeado polo Director/a a proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, de ser o caso.
- A Coordinación do Equipo será desempeñado por un mestre/a del, preferentemente con destino definitivo no Centro.

Poderán, en todo caso, incorporarse ao traballo do Equipo para temas puntuais outros membros da Comunidade educativa.

O equipo de normalización e dinamización lingüística do centro encargárase de elaborar o Proxecto Lingüístico do centro de acordo coa lexislación vixente e que será aprobado en Consello Escolar.

PROXECTO EDUCATIVO

❖ EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Terán carácter de Complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de Extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro/ANPA/Concello e figurando na Programación Xeral Anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo. A participación nestas últimas será voluntaria.

Composición do Equipo:

- Este equipo estará integrado polo seu xefe/a, para cada actividade concreta, polos profesores que participen nela.
- O xefe/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares serán un mestre/a, preferentemente con destino definitivo no Centro, que designe o Director/a, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- O xefe/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares actuará baixo a dependencia directa do director.

O Regulamento Orgánico de Centros, decreto 374/1996, especifica as funcións e composición deste equipo no capítulo IV artigos do 69 ao artigo 79.

❖ TITORÍAS

A titoría e orientación dos alumn@s formará parte da función docente. Cada grupo de alumn@s terá un mestre/a titor/a que será designado polo Director/a. Cada mestre/a titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as funcións indicadas no Capítulo V, artigo 81 do Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Para asumir estas funcións será necesario:

- Coñecer ao alumno/a
- Facilitar a integración e participación.
- Establecer unha relación satisfactoria (que os/as alumnos/as se sintan aceptados, valorados e axudados)
- Procurarlles un contexto estruturado (planificación previa e coordinación dos diversos profesionais. A función titorial é unha responsabilidade compartida que require tarefas diversas, individuais de coordinación específica)
- Facilitar que os alumnos/as participen da súa aprendizaxe.
- Prestar atención prioritaria á aprendizaxe de hábitos e actitudes...
- O titor/a debe actuar de mediador entre o grupo e o resto do profesorado.

3.4.1 OUTROS MESTRES/AS

A actual composición dos catálogos de mestres dos centros de educación infantil e primaria ademais dos titores/as inclúen mestres/as que interveñen na titoría cunha especialidade específica: idioma estranxeiro, educación física, educación musical, pedagogía terapéutica, relixión e audición e linguaxe.

PROXECTO EDUCATIVO

Son considerados membros do equipo de ciclo no que interveñen, a todos os efectos, coordinacións, dinamizacións, decisións, avaliacións...de tal xeito que calquera deles podería exercer de titor/a ou cubrir outras tarefas.

Preténdese garantir unha actuación coordinada entre o equipo. Nin o equipo debe verse privado da aportación destes mestres/as, importantes na faceta da súa especialidade, nin o mestre especialista pode renunciar á responsabilidade de participar e corresponsabilizarse nas decisións do equipo ou do centro como unidade educativa.

Tendo en conta a Orde do 17 de xullo de 2007 no centro funcionarán con carácter ordinario equipos de dinamización, a saber no CEIP Praia de Quenxe determinase os seguintes equipos recollidos na PXA correspondente. E que como ven reflectido na orde anteriormente citada terán unha adicación de dúas sesións por parte do profesorado e para o que se nomeará un coordinador/a con funcións específicas a realizar.

3.4.2 OUTROS EQUIPOS

✓ DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

Orde 17 de xullo de 2007 artigos 9º e 10º

Este equipo ten a función de organizar a utilización da biblioteca e atender á adquisición, conservación e control do material. Por outro lado, parece necesario que tamén se encargue da posta en marcha de iniciativas tendentes a estimular a lectura como aspecto importante no proceso educativo e, nese sentido, debe tratar de implicar nelas a todo o profesorado.

Nomearase un mestre/a dinamizador por un período de dous cursos, a ser posible.

As funcións do equipo de dinamización da biblioteca son:

- Ter preparados os fondos bibliográficos para a súa utilización.
- Realizar o rexistro por medios informáticos do material bibliográfico existente e que sexa adquirido.
- Promover a realización de actividades interdisciplinares.
- Conmemorar días sinalados referidos á lectura, día da biblioteca, día do libro...
- Poñer en práctica iniciativas dirixidas ao fomento da lectura no ámbito familiar.
- Redactar o proxecto lector do centro e propoñelo para a súa aprobación e aplicación.

✓ DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

Orde 17 de xullo de 2007 artigos 11º e 12º

O Decreto 55/2007 do 12 de abril crea e regula o observatorio galego da convivencia escolar. Establece tres niveis, sendo o terceiro o do centro, constituído no seo do Consello Escolar.

O observatorio de convivencia terá tres reunións anuais como mínimo e terá as seguintes funcións:

- Participación na dinamización do Plan de Convivencia Escolar e na mediación escolar.

PROXECTO EDUCATIVO

- Elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro e o seu envío ao observatorio de convivencia provincial
 - Coordinación das actividades dirixidas á mellora da convivencia.
 - Facer propostas á administración para mellorar a convivencia.
- O equipo de dinamización de convivencia do centro será o encargado de:
- Elaborar e revisar periodicamente o Plan de Convivencia do centro.
 - Programar actuacións para cada situación específica
 - Organizar, xestionar e levar a cabo as actuacións que sexan programadas no ámbito da convivencia.
 - Propoñer actuacións puntuais para aplicar ó PEC.

✓ DINAMIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Orde 17 de xullo de 2007, artigos 13º e 14º.

Este equipo ten como obxectivo a elaboración dun plan de introdución das novas tecnoloxías, a supervisión da súa aplicación e a avaliación dos resultados.

O Director/a nomeará un mestre/a que coordinará a actividade por un período mínimo de dous anos. Requírese que teña uns coñecementos suficientes de informática para a súa xestión.

A función deste equipo é a elaboración do Plan de Introducción das TIC, que contemplará aspectos como:

- Iniciativas pedagóxicas e metodolóxicas para o uso e aproveitamento dos medios informáticos.
- Estratexias de coordinación do profesorado nas/das distintas áreas e niveis para o emprego das TIC
- Difusión das TIC e o seu uso no medio familiar do alumnado, favorecendo a circulación das boas prácticas e coñecementos. Tamén respecto a outros centros e institucións.
- Fomento da autonomía na apredizaxe, a investigación, o lecer...tanto entre o alumnado como entre o profesorado.

4. ASPECTOS CURRICULARES XERAIS

4.1 CURRÍCULO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ELEMENTOS DO CURRÍCULO DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL ADAPTADOS AO CONTEXTO SOCIOCULTURAL E ECONÓMICO DO CENTRO.

Dende unha perspectiva legal, as bases para a elaboración da programación da Educación Infantil, atópanse na **Lei Orgánica 2/2006 de Educación**, no **Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro**, polo que se establecen as *ensinanzas mínimas da Educación Infantil*, no **Decreto 330/2009 de 4 de xuño**, polo que se establece o *currículo da Educación Infantil* e na **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a *implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil*

na Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes textos legislativos definen o currículo da Educación Infantil como o conxunto de obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. Aconsellan ademais, o desenvolvemento das **COMPETENCIAS BÁSICAS** dende o inicio da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Competencias que tivemos en conta para elaboración de esta programación. *Para desenvolver as competencias é necesario traballar, resolvendo* problemas, así propoñeranse tarefas e retos que inciten aos alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

- **Competencia lingüística:** Contribuirase a mellora da competencia lingüística, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.
- **Competencia Matemática:** Contribuirase a mellora da competencia matemática na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse as situacións cotiás e reais que o precisen.
- **Competencia no Coñecemento e a Interacción co Mundo:** Iniciarase as criaturas no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións...
- **Tratamento Da Información E Competencia Dixital:** Propoñeranse situacións nas que sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrera ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.
- **Competencia Social e Cidadá:** Traballarase as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos da convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.
- **Competencia Cultural e Artística:** Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia abrindo o centro as diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo no que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se mantena unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír na conservación do patrimonio.
- **Competencia Para Aprender a Aprender** Contribuirase a mellora desta competencia deseñando unha practica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte das criaturas a planificación e organización da tarefa a realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.
- **Autonomía E Iniciativa Persoal:** O alumno será libre para imaxinar, emprender accións e desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

4.1.1 OBXECTIVOS XERAIS. (2º NIVEL DE CONCRECIÓN)

❖ *ÁREA DE AUTOCONHECIMENTO E AUTONOMÍA PERSOAL*

- Formarse unha imaxe axustada e positiva propia, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento as necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais - idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto as demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

❖ *ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO E A INTERACCIÓN CO MUNDO*

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez mais equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunhas das súas características,

PROXECTO EDUCATIVO

produccións culturais, valores e formas de vida.

- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto as persoas, as normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

❖ *ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN*

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais –o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e invencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos - expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse a lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita- e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar...dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.

- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC - ordenadores, internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

4.1.2 CONTIDOS

❖ ÁREA DE AUTOCOÑECEMENTO E AUTONOMÍA PERSOAL

a. BLOQUE 1. O CORPO E A PROPIA IMAXE

- Recoñecemento progresivo das posibilidades e características do seu corpo para chegar a toma de conciencia do seu esquema corporal.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas – relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo –a través de xestos, movementos, xogos, danzas...
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

b. BLOQUE 2. XOGO E MOVEMENTO

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.
- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, como vía de deleite e relación, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.

PROXECTO EDUCATIVO

- Adaptación do ton e da postura as características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración a súa persoa, as outras e ao seu medio fortalecendo vínculos afectivos -amizade, cooperación, axuda, solidariedade... Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade abríndose ao coñecemento e gozo dos e das outras.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.
- Potenciación das capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

c. BLOQUE 3. A ACTIVIDADE COTIÁ

- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara a resolución pacífica de conflitos.
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara a autorregulación das súas accións.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

d. BLOQUE 4. O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
- valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan e colaborando no seu mantemento.
- Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas -vestimenta, peiteados, adobíos, coloridos ...
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

PROXECTO EDUCATIVO

- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración

❖ AREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO

a) BLOQUE 1. MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns; mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.
- Interese pola clasificación de obxectos e materiais e aproximación a cuantificación de coleccións.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Utilización da acción de contar como estratexia para obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de calculo sinxelas e funcionais.
- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer un reparto, realizar unha estimación...
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.
- Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando...
- Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.
- orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.
- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares; nomeándoos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.
- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia , representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

b) BLOQUE 2. ACHEGAMENTO Á NATUREZA

- Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.

PROXECTO EDUCATIVO

- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Descubrimento das diferentes formas nas que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela .
- Identificación dos cambios que se producen en canto a luminosidade, a posición do sol, aos ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.
- Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural – calor, choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...- e dos producidos pola acción humana -pontes, embalses, aeroxeradores, muíños de auga...
- Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

c) BLOQUE 3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. recoñecendo e respectando os diferentes tipos de familias.
- Achegamento as funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, amosando disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o dialogo de forma cada vez mais autónoma.
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

❖ ÁREA: LINGUAXES, COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

a) BLOQUE 1.

1. LINGUAXE VERBAL ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e

PROXECTO EDUCATIVO

emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.

- Participación de forma oral en conversacións, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando quendas e escoitando atentamente.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas -saúdos, despedidas, formulas de cortesía, cumprimentos.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

2. APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA

- Achegamento a lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas -cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

3. ACHEGAMENTO Á LITERATURA

- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro... tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.
- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos -encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...- acompañados de respostas corporais -xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.
- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio mais de aproximación a literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

b) BLOQUE 2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.

PROXECTO EDUCATIVO

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -lina, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, lina, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan as nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa da area, retroproyector, encerado dixital, fotografías....- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collage, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proyector...
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesas manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquexos para a consecución dunha melloría na produción.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
- Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as súas creacións.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, monicreques, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

c) BLOQUE 3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Achegamento ao uso do ordenador, a cámara fotográfica..., nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como debuxos animados, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.

4.2 CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ELEMENTOS DO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA ADAPTADOS AO CONTEXTO SOCIOCULTURAL E ECONÓMICO DO CENTRO

4.2.1 OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

PROXECTO EDUCATIVO

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos e as alumnas deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, e referírense, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersoal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapas, ciclos e áreas) aos máis específicos (terminais ou didácticos).

A partir dos obxectivos xerais da etapa, cada equipo docente ten a misión de fixar os obxectivos de ciclo, adaptándoos ás características do centro e do seu contorno; aínda que, verdadeiramente, o currículo se dinamiza e adquire maior relevo a través da formulación dos obxectivos terminais, por parte de cada titor ou titora na súa programación de aula.

Os obxectivos xerais de etapa expresan as capacidades que deberán adquirir os alumnos e as alumnas ao final da etapa, para o cal se tivo en conta o disposto no currículo oficial.

O Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece as seguintes áreas de coñecemento en todos e cada un dos cursos da educación primaria:

- Coñecemento do medio natural, social e cultural
- Educación Artística
- Educación Física
- Lingua galega e literatura
- Lingua castelá e literatura I
- Lingua estranxeira
- Matemáticas
- Educación para á cidadanía e os dereitos humanos (no último curso da educación primaria)

A relixión católica será de oferta obrigada para os centros e de carácter voluntario para o alumnado. Aquel alumnado que non opte por esta materia deberá ser atendido segundo regula a orde do 4 de outubro de 1995 pola que se regulan as actividades de estudo alternativas ao ensino da relixión establecidas polo Decreto 235/1995 de 20 de xullo, para as ensinanzas de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.2.2 CONTIDOS

Cada unha destas áreas debe desenvolver unha serie de contidos que estarán adaptados en cada ciclo ás características psico-evolutivas do alumnado.

➤ **Área de coñecemento do medio natural, social e cultural**

Bloque 1: os seres humanos e a saúde
Bloque 2: As plantas e os animais
Bloque 3: A vida en sociedade
Bloque 4: O medio físico: espazo e materiais
Bloque 5: O paso do tempo
Bloque 6: Máquinas, aparellos e tecnoloxías

➤ **Área de educación artística**

MÚSICA:

Bloque 1: escoita
Bloque 2: Interpretación e creación musical

PLÁSTICA:

Bloque 3: Observación plástica
Bloque 4: expresión e creación plástica

➤ **Área de lingua galega e literatura**

Bloque 1: escoitar e falar
Bloque 2: ler e escribir
Bloque 3: reflexionar sobre a lingua

➤ **Área de lingua castelá e literatura**

Bloque 1: escoitar e falar
Bloque 2: ler e escribir
Bloque 3: Reflexionar sobre a lingua

➤ **Área de lingua estranxeira**

Bloque 1: escoitar e falar
Bloque 2: ler e escribir
Bloque 3: Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural

➤ **Área de matemáticas**

Bloque 1: Espazos e formas
Bloque 2: Cantidades
Bloque 3: Tratamento da información e azar

➤ **Área de educación para a cidadanía e os dereitos humanos**

Bloque 1: Identidade persoal
Bloque 2: Identidade social

Bloque 3: Compromiso social

➤ **Área de Educación Física**

Bloque 1: O corpo: imaxe e percepción

Bloque 2: Habilidades motrices

Bloque 3: Actividades físicas artístico-expresivas

Bloque 4: Actividade física e saúde

Bloque 5: Xogos e deportes

➤ **Área de Relixión Católica**

O Currículo da área de relixión está recollido na seguinte lexislación que será a base na que se elaboren as súas programacións didácticas:

- *Orde ECI/1957/2007 de 6 de Junio pola que se establecen os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes á Educación Infantil, á Educación Primaria e á Educación Secundaria obrigatoria.*

➤ **Actividades de estudo alternativas a ensinanza da relixión**

Tal e como ven recollido no Decreto 235/1995 e na Orde que desenvolve do 4 de outubro de 1995, estas ensinanzas terán o carácter de complementarias e **versarán sobre contidos que non estean incluídos no currículo**

Así no artigo 1º da citada orde di:

“ 1. Os centros educativos organizarán actividades de estudo alternativas con carácter de ensinanzas complementarias para os alumnos/as que non optaran por seguir a ensinanza relixiosa.

2. As actividades de estudo alternativas a ensinanza da relixión teñen como finalidade facilitar o coñecemento e apreciación de determinados aspectos da vida social e cultural, na súa dimensión histórica e actual, a través do achegamento, do análise e do comentario de diferentes manifestacións literarias, plásticas e musicais.

3. No segundo ciclo de Educación Infantil, e na Educación Primaria estas actividades consistirán na realización, por parte dos alumnos/as e baixo a supervisión dun mestre, de tarefas prácticas axeitadas a súa idade en torno a actividades sinaladas no apartado anterior”

Na orde citada anteriormente fai as seguintes propostas para o traballo co alumnado:

- Actividades de biblioteca
- Construción e reparación de obxectos
- Coñecemento do seu entorno e de outros obxecto de visitas
- Exposicións
- Obradoiros de reciclaxe
- Obradoiros de medio ambiente

No artigo 4º esta orde expón o seguinte:

“Ao finalizar cada curso, e co fin de que quede constancia de que os alumnos/as realizaron as actividades alternativas propostas, os mestres/as entregarán ao xefe/a de estudos do centro unha relación dos alumnos/as que participaron nas actividades correspondentes”

4.3. AS COMPETENCIAS BÁSICAS DE PRIMARIA

O Decreto 130/2007 fai referencia explícita a unha serie de Competencias básicas que os alumnos/as deben adquirir ao longo de toda a educación primaria e que deben superar ao finalizar esta etapa.

Entendemos como competencia básica “a capacidade de poñer en práctica os coñecementos e habilidades aprendidas” é dicir, saber aplicar o aprendido ás situacións da realidade. O “aprendido” inclúe os coñecementos, os procedementos e as actitudes.

A inclusión das competencias no currículo ten como finalidades: integrar as aprendizaxes das diferentes áreas, saber atopalas e usalas cando sexa necesario, orientar o ensino cara aqueles aspectos imprescindibles para a vida e inspirar todo o tecido do proceso educativo.

Cada competencia non é acadada mediante o traballo nunha área concreta, senón que é o resultado das aportacións de varias. No sentido contrario, tamén cada área contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias.

Podemos dicir que toda organización e actividade do centro en calquera das súas facetas debe estar orientada á consecución das competencias básicas.

No marco da Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Estas competencias básicas non son independentes unhas das outras, senón que están entrelazadas. Algúns elementos delas complementáanse, entrecrúzanse ou tratan perspectivas complementarias. Como norma, cada unha das áreas ha contribuír ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias. Unicamente deste xeito se pode garantir que as aprendizaxes colaboren efectivamente ao desenvolvemento das competencias, na medida en que se integren na estrutura global do coñecemento e se facilite a súa aplicación a unha ampla variedade de situacións.

Neste documento establécese a contribución das diferentes áreas do currículo ao desenvolvemento de cada unha das oito Competencias Básicas. Estas detállanse a continuación:

➤ LINGUAS

Competencia en comunicación lingüística

- Adquirir vocabulario referente ao colexio, á familia, á casa, á rúa, ao Nadal, aos alimentos, ao coidado e ás partes do corpo humano.
- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrito.
- Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.

PROXECTO EDUCATIVO

- Desenvolver o interese pola claridade, pola orde e pola limpeza nas súas producións escritas.
- Dialogar en grupo para fomentar a expresión oral e a escoita.
- Fomentar o interese pola práctica de xogos lingüísticos como elemento de diversión.
- Adquirir vocabulario referente aos mamíferos, ás aves, ás plantas, aos peixes, á auga, ao sol e ao aire.
- Comprender e expresar de forma oral e escrita o sentido global dun texto.
- Fomentar a valoración do texto escrito como fonte de información, enriquecemento e diversión.
- Fomentar o uso das regras ortográficas aprendidas.
- Adquirir vocabulario referente aos fenómenos atmosféricos, aos medios de comunicación, aos medios de transporte e ás vacacións.
- Fomentar o gusto pola lectura e pola escritura de contos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Percibir o colexio como o espazo físico no que se desenvolve parte da súa vida cotiá.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Realizar observacións para desenvolver a curiosidade.
- Utilizar a lingua para obter e comprender información.
- Contribuír, a través da lingua, a conservar un contorno físico agradable e saudable.
- Contribuír, a través da linguaxe, a coidar o ambiente.
- Obter e interpretar información acerca do medio físico que nos rodea.
- Empregar a linguaxe para mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

Competencia matemática

- Utilizar a linguaxe para poñer en práctica procesos de razoamento.
- Utilizar táboas para facer clasificacións.

Tratamento da información e competencia dixital

- Iniciarse no uso do ordenador.
- Obter coñecementos e destrezas para buscar e interpretar unha información concreta.
- Nomear as partes do ordenador.
- Enumerar os distintos usos do ordenador.

Competencia social e cidadá

- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Utilizar a lingua para desenvolver uns hábitos de comportamento responsables.
- Practicar o diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos.

Competencia cultural e artística

- Escoitar, comprender e valorar narracións orais sinxelas.
- Promover o mantemento da atención durante a escoita de contos e outras narracións orais.
- Ler, comprender e valorar narracións sinxelas.

- Fomentar o gusto pola lectura de poemas.

Competencia para aprender a aprender

- Comprender, analizar e resolver un problema.
- Acceder á construción de coñecementos mediante a linguaxe.
- Utilizar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisións.
- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.

Autonomía e iniciativa persoal

- Empregar a linguaxe para comunicar afectos.
- Utilizar a lingua para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Empregar a linguaxe para comunicar afectos e emocións.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais.
- Utilizar a linguaxe como medio de representación do mundo.
- Utilizar a lingua para elixir con criterio propio entre dúas opcións.
- Utilizar a linguaxe para expresar gustos e preferencias.
- Favorecer a creatividade a través da linguaxe.

➤ MATEMÁTICAS

Competencia en comunicación lingüística

- Comprender e interpretar unha información escrita e con imaxes.
- Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas comunicativas.
- Incorporar a linguaxe matemática á expresión habitual.
- Comprender e utilizar distintos tipos de textos: receitas, adiviñas...
- Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos.
- Comprender e utilizar distintos tipos de textos para traballar conceptos matemáticos: encrucillados, sopas de letras e adiviñas.
- Comprender e interpretar outras linguaxes.
- Incidir nos contidos asociados na descrición verbal dos razoamentos.
- Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas lingüísticas.
- escoitar, expoñer e dialogar.
- Expresar pensamentos e opinións.
- Ler, comprender e interpretar información.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Percibir o colexio como o espazo físico no que se desenvolve parte da súa vida cotiá.
- Coñecer a realidade a través dos conceptos básicos de medida.
- Comprender, analizar e interpretar a información dunha receita de cociña.
- Utilizar representacións gráficas para interpretar información.
- Incorporar habilidades para interpretar o medio que o rodea e desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar o interese por coñecer e interpretar a información que ofrece o reloxo dixital e o reloxo analóxico.

Competencia matemática

- Utilizar en situacións fóra da aula os contidos estudados.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e de desenvolvemento da atención.
- Apreciar a noción de cantidade no cotián.
- Aplicar os conceptos matemáticos aprendidos en situacións cotiás.
- Seleccionar as operacións adecuadas para resolver un problema.
- Manexar os conceptos espaciais básicos en situacións reais.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
- Fomentar o interese por expresar a información de forma numérica.
- Fomentar a curiosidade por coñecer as relacións que existen entre os números.
- Utilizar unidades de medida non convencionais na vida cotiá.
- Resolver problemas relacionados coa vida cotiá.
- Manexar adecuadamente as moedas de euro en situacións reais.
- Comprender, interpretar e realizar gráficos de barras.
- Interpretar e expresar informacións, datos e argumentacións.
- Interpretar e aplicar unha información.

Tratamento da información e competencia dixital

- Iniciarse no uso do ordenador.
- Nomear as partes do ordenador.

Competencia social e cidadá

- Utilizar as matemáticas como destreza para a convivencia e o respecto.
- Traballar en equipo, aprendendo a aceptar outros puntos de vista distintos do propio.
- Desenvolver habilidades sociais, como o diálogo e o traballo en equipo.

Competencia cultural e artística

- Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.
- Realizar un debuxo, seguindo unhas indicacións, e, fomentar así, a creatividade.

Competencia para aprender a aprender

- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.
- Comprender, analizar e resolver problemas.
- Utilizar ferramentas matemáticas básicas para realizar calquera aprendizaxe.

Autonomía e iniciativa persoal

- Utilizar as matemáticas para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Saber tomar decisións ante un problema.

➤ COÑECEMENTO DO MEDIO

Competencia en comunicación lingüística

- Adquirir vocabulario referente ao colexio e á rúa.
- Ler e comprender un texto informativo sinxelo.
- Adquirir vocabulario referente aos alimentos.
- Expressar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.
- Ler, comprender e interpretar instrucións.

PROXECTO EDUCATIVO

- Adquirir vocabulario referente ao coidado e ás partes do corpo humano.
- Adquirir vocabulario referente ao Nadal, á familia e á casa.
- Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos.
- Adquirir vocabulario referente aos mamíferos, ás aves e aos peixes.
- Obter e interpretar información.
- Fomentar o interese por resolver encrucillados, sopas de letras e adiviñas.
- Adquirir vocabulario referente ás plantas, á auga, ao sol e ao aire.
- escoitar, expoñer e dialogar.
- Adquirir vocabulario referente aos fenómenos atmosféricos.
- Adquirir vocabulario referente aos medios de comunicación, aos medios de transporte e ás vacacións.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Interpretar un plano sinxelo dunha casa.
- Contribuír a conservar un contorno físico agradable e saudable.
- Realizar observacións.
- Obter e interpretar información acerca do medio físico que os rodea.
- Valorar a importancia de conservar o ambiente.
- Fomentar a importancia de ter un consumo de auga racional e responsable.
- Adoptar unha disposición para unha vida saudable.
- Fomentar a importancia de conservar o hábitat dos animais.

Competencia matemática

- Utilizar táboas de dobre entrada para traballar conceptos aprendidos.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
- Interpretar e expresar informacións con números.
- Poñer en práctica procesos de razoamento.

Tratamento da información e competencia dixital

- Iniciarse no uso do ordenador.

Competencia social e cidadá

- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aceptar normas de convivencia.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Comprender a realidade social na que se vive.
- Desenvolver uns hábitos de comportamento responsables.
- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.

Competencia cultural e artística

- Coñecer as tradicións do Nadal.
- Facer unha tarxeta de felicitación de Nadal, seguindo unhas instrucións.

Competencia para aprender a aprender

- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.

Autonomía e iniciativa persoal

- Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.
- Elixir con criterio propio.
- Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica ante os anuncios publicitarios da televisión e o control do tempo dedicado a ela.
- Expresar gustos e preferencias.

➤ EDUCACIÓN ARTÍSTICA

Competencia en comunicación lingüística

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.
- Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia matemática

- Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e gozo.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

Competencia social e cidadá

- Indagar e planificar procesos.

PROXECTO EDUCATIVO

- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Competencia cultural e artística

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Indagar e planificar procesos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

➤ EDUCACIÓN FÍSICA

Competencia en comunicación lingüística

- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita.
- Comprender, compoñer e utilizar os textos.
- Expresarse de forma adecuada.
- Coñecer o vocabulario específico da área.
- Obter gran variedade de intercambios comunicativos nas actividades físicas lúdicas.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Valorar o coñecemento do corpo e das súas capacidades motrices e expresivas.
- Entender e valorar a actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde.
- Adquirir o hábito de practicar actividade física de forma regular.
- Adquirir hábitos saudables de alimentación, de hixiene e de coidado do corpo.
- Comprender a relación entre alimentación e actividade física.
- Desenvolver actitudes críticas ante o fenómeno do sedentarismo.
- Explorar de maneira sensorial o espazo e aplicar a información obtida ás súas actividades motrices.
- Desenvolver o sentido da orientación e saber utilizar diferentes recursos para orientarse.
- Ter habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Manipular aparellos para realizar actividades físicas.
- Apreciar a natureza e percibir o seu valor como fonte de información.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

Competencia matemática

- Realizar medicións.

Tratamento da información e competencia dixital

- Transformar a información en coñecemento.
- Transmitir información a través da linguaxe corporal.
- Analizar a expresividade corporal e entender as mensaxes que a través dela se transmiten.
- Utilizar a información recibida a través dos xestos e das posturas para a elaboración de estratexias de xogo nas actividades físicas lúdico-recreativas.

Competencia social e cidadá

- Utilizar a actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.
- Aceptar e respectar as regras do xogo acordadas entre todos.
- Asumir as diferenzas na actividade física, así como as posibilidades propias e alleas.
- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Traballar en equipo, cooperando e asumindo responsabilidades.
- Valorar o traballo e as achegas dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.
- Valorar o esforzo e os logros obtidos polas persoas afectadas de discapacidade física ou mental nas súas actividades físicas, laborais e cotiás.
- Habitarse a coidar e a manter a orde nas súas pertenzas e no seu contorno.
- Coidar e conservar os materiais.

PROXECTO EDUCATIVO

- Comprender e valorar a importancia de respectar as normas de tráfico.

Competencia cultural e artística

- Expresar ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o movemento.
- Apreciar as manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).
- Experimentar coa linguaxe do corpo.
- Experimentar formas de comunicación a través da danza expresiva.
- Interesarse polas formas de comunicación non verbal.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar as iniciativas e as achegas dos demais.
- Utilizar as manifestacións artísticas como fontes de enriquecemento e gozo.
- Coñecer a riqueza cultural mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

Competencia para aprender a aprender

- Coñecerse a si mesmo, as propias posibilidades e carencias a través das actividades físicas e expresivas.
- Desenvolver o sentimento de competencia ou eficacia persoal.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Ser consciente do que pode facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais.
- Adquirir recursos de cooperación en actividades físicas comúns.
- Facilitar a adquisición de recursos de cooperación en actividades expresivas (danza, mimodrama).
- Manexar de forma eficaz os recursos e as técnicas adquiridos no desenvolvemento das súas habilidades motrices.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Afrontar a toma de decisións de maneira racional.

Autonomía e iniciativa persoal

- Organizar de forma individual e colectiva actividades físicas lúdicas e actividades expresivas.
- Desenvolver os valores persoais da responsabilidade e da perseveranza.
- Desenvolver as habilidades sociais do respecto aos demais, a cooperación e o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solucións aos problemas formulados e de levalas á práctica.
- Desenvolver a iniciativa e a creatividade.
- Esforzarse por alcanzar resultados creativos, orixinais e sinceros na súa expresividade.
- Ter unha visión estratéxica dos retos para cumprir os obxectivos dos xogos e doutras actividades físicas, e motivarse para lograr o éxito.
- Utilizar as actividades físicas e a linguaxe corporal para ampliar e mellorar as súas relacións sociais.

➤ RELIXIÓN CATÓLICA

Competencia en comunicación lingüística

- escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.

PROXECTO EDUCATIVO

- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Coidar o ambiente.
- Consumir de maneira racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

Competencia matemática

- Interpretar e expresar informacións.
- Descifrar códigos numéricos elementais.

Tratamento da información e competencia dixital

- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.

Competencia social e cidadá

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

Competencia cultural e artística

- Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, da imaxinación e da creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e gozo.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

Competencia para aprender a aprender

- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continua-la.
- Perseverar e esforzarse, aceptando os erros e aprendendo deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e encontrar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.

- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.

5. DECISIONS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA

5.1. A LÍÑA METODOLÓXICA:

O "cómo ensinar", responsabilidade específica do profesorado, entendémolo como o conxunto de criterios e decisións que organizan, de forma global, a acción didáctica na aula, e deberá referirse a:

- O papel a desempeñar por alumnos/as e mestres/as.
- O tipo de actividades e a súa secuenciación, así como o tipo de tarefas .
- A utilización de medios e recursos:
 - A organización de espazos e tempos.
 - Os agrupamentos do alumnado.
- A metodoloxía didáctica orientarase ao desenvolvemento xeral do alumnado, integrando as súas distintas experiencias e aprendizaxes. A ensinanza terá un carácter persoal e adaptarase aos distintos ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- A metodoloxía terá as seguintes características:
 - a. A base metodolóxica será eminentemente **activa**, mediante a realización de actividades convenientemente programadas e, en todo caso, que:
 - i. sexan experimentais
 - ii. aseguren a participación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
 - b. Así mesmo será prioritariamente **interactiva**, de modo que:
 - i. Prime a interacción social.
 - ii. Cree ambientes favorecedores de interacción entre mestre/a e alumno/a
 - iii. Favoreza o traballo en equipo.
 - iv. Dea gran importancia a linguaxe.
 - v. Potencie o diálogo, o debate e a confrontación como eixos do prantexamento metodolóxico.
 - c. A metodoloxía didáctica débese orientar cara a integración das distintas experiencias e aprendizaxes. Entendemos que o traballo escolar debe centrarse na actividade do alumnado e, por tanto, a metodoloxía deberá orientarse ao desenvolvemento xeral dos alumnos e alumnas de modo que prime a aprendizaxe sobre a ensinanza; favoreza a aprendizaxe por si mesmos, e promova a motivación.
 - d. A metodoloxía será tamén **constructiva**, que respectará os requisitos para lograr aprendizaxes significativas.
 - e. A metodoloxía será **personalizada**; por tanto, favorecerá a adaptación aos distintos ritmos de aprendizaxe e a alternancia de actividades.
 - f. A metodoloxía será individualizada en respecto á igualdade de oportunidades, que obriga á atención á diversidade polo que deberá:
 - i. considerar as peculiaridades individuais
 - ii. ofrecer a cada alumno e alumna as axudas pedagóxicas adecuadas
 - iii. ofertar concrecións curriculares adaptadas

5.2. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS XERAIS

O proceso de ensinanza e aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas en por eles.
- Favorecer situacións nas que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, coa fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- Metodoloxía activa.

Supón atender dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e na configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e no desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- Motivación.
Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.
- Autonomía na aprendizaxe.
Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:
 - *A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada* na presentación dos novos contidos.
 - *A gradación das actividades*, a xerarquización varía segundo a natureza de cada programa, e aparecen en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
 - *A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe*, que inclúen unha reflexión sobre os contidos que son obxecto de estudo e unha revisión final.
- Programación cíclica, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e *unha rigorosa selección dos contidos*, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.
- Atención á diversidade do alumnado.
A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.
- Sensibilidade pola educación en valores.
O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos/as fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...
- Avaliación do proceso educativo.

A avaliación concíbese dunha forma *holística*, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto

5.3. A METODOLOXÍA EN EDUCACIÓN INFANTIL

O paradigma educacional será o de “aprender a aprender” e o de “aprender facendo”. Compre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na practica. Para desenvolver as Competencias Básicas, basearémonos na metodoloxía de proxectos, resolvendo problemas, así, propoñeranse tarefas e retos que inciten aos alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades, onde o neno/a será activamente o protagonista das súas aprendizaxes. Para iso teremos en conta:

- A **perspectiva globalizadora** xa que parece a mais adecuada para que a aprendizaxe sexa sempre significativa, partindo dos coñecementos previos que teñen os alumnos sobre o tema, para a partir dos mesmos, ir presentando novos coñecementos que teñan significatividade lóxica para eles, a través de actividades que esperten o interese e a motivación dos neno/as
- Importancia do **xogo** como principal actividade pola que o neno/a aprende
- Potenciaranse os procesos de **observación, manipulación, experimentación, descubrimento e investigación** co fin de garantir novas aprendizaxes
- Creación dun **ambiente** seguro e de confianza, onde os nenos/as podan desenvolver a súa autonomía e reforzar a súas autoestima .
- Atenderase a **diversidade**, a través do deseño das actividades (individuais e en grupo) e da integración de todos os neno/as no grupo de traballo , de xeito que desenvolvan actitudes de respecto e tolerancia cara a os demais.
- Organización dun xeito flexible do **tempo, os materiais e o espazo**
- Respetaranse os **ritmos** de actividade, xogo e descanso.
- Programaranse **actividades**, grupais e individuais
- Consideramos a participación da **familia** como un elemento importante no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Procurarase unha **avaliación** formativa e continua sobre a base dunha observación directa e sistemática. A través das súas producións, o alumnado será participe da súa avaliación, observando os seus progresos e aceptando os erros.

5.4. METODOLOXÍA EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A entrada en vigor da LOE supón un novo enfoque metodolóxico. Aínda que este centro respecta a liberdade metodolóxica por parte de cada profesor, a continuación propoñemos unhas liñas xerais que cada docente adecuará a súa practica educativa concreta (alumnado, condicións do centro, area,...):

- a) Destacar as aprendizaxes básicas e os contidos necesarios para acadar as competencias, as cales serviran para que o alumno se integre na sociedade.
- b) A nosa metodoloxía debера basearse nun desenvolvemento en espiral e globalizador.

PROXECTO EDUCATIVO

- c) Favorecer a adquisición de estratexias de aprendizaxe de maneira individual, que o capacite para ser unha parte activa do proceso e lle permita adquirir habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses,... xunto as do resto de compañeiros e compañeiras nun ambiente de cooperación.
- d) Como mestres e mestras, deberemos facer uso das estratexias e as innovacións necesarias para adaptarnos as características específicas de cada alumno, orientando as aprendizaxes a súa aplicación en contextos diferentes e diversificados.
- e) Adaptaremos os contidos a evolución psicolóxica e o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna.
- f) No desenvolvemento da aprendizaxe autónoma consideramos esencial que o alumnado lle encuentre sentido o traballo que realiza e valore a súa funcionalidade. Para iso, consideramos precisos enfoques didácticos que lle permitan utilizar de forma autónoma bibliotecas e Tics como recursos de aprendizaxe, aspectos que potenciarán o proxecto lector e o plan de dinamización das TIC do centro.
- g) Consideramos metodoloxicamente importante o rol do profesorado para facilitar que, partindo dos contextos concretos do noso alumnado, se fomente unha aprendizaxe construtiva que sexa aplicable a múltiples contextos, e fomentando un alumno motivado e seguro de si mesmo.
- h) Concibimos a avaliación como o indicador do noso proceso educativo tanto para o alumnado como para o profesorado, terá carácter continuo e formativo, así como regulador da propia aprendizaxe a través da autoavaliación.

5.5 SELECCIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que lles proporcionan resposta efectiva ás propostas xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente propostos. Dese xeito, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no *Proxecto Educativo*
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, a diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e a amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección e que están plasmadas na seguinte guía de valoración de materiais curriculares.

INDICADORES:

1. Encádrase con coherencia no *Proxecto Educativo de Centro*.

PROXECTO EDUCATIVO

2. Cubre os obxectivos do currículo.
3. O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
4. Os obxectivos están claramente explícitos.
5. Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
6. A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
7. A progresión é adecuada.
8. Contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas.
9. Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
10. Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
11. Esperta a motivación cara ao estudo e á aprendizaxe.
12. Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
13. Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
14. A cantidade de actividades é suficiente.
15. Permiten a atención á diversidade.
16. As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
17. As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
18. A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
19. Facilita a memorización comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
20. A linguaxe está adaptada ao nivel.
21. As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
22. Recórrese suficientemente á información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas etc.
23. A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
24. O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
25. Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

6. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

6.1 AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e ónde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Funcións da avaliación:

- **Diagnóstico:** Información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, aos alumnos e ás alumnas e aos profesores e ás profesoras.
- **Prognóstico:** Avance de expectativas sobre que pode ocorrer, para previr e resolver problemas.
- **Adaptación:** Acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, con miras á máxima personalización do proceso educativo.

PROXECTO EDUCATIVO

- **Orientación:** Guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.
- **Regulación:** Facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.
- **Control:** Certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

Obxectivos da avaliación:

- Pescudar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumno e da alumna, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.
- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación dos contidos e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as competencias e as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Coñecer exhaustivamente os elementos que integran o proceso educativo, en especial o alumnado, para poder elaborar diagnósticos o máis axustados posible.
- Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais, e solicitar a súa axuda.
- Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran.
- Prognosticar e orientar as posibilidades dos alumnos e das alumnas e previr o fracaso escolar.
- Coñecer a calidade da actuación docente, individual e grupal, e do sistema educativo.
- Establecer programas de reciclaxe ante a detección de malos resultados.
- Superar a antiga concepción da avaliación como único control.

Avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as

A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- Continua e global, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contémplanse tres modalidades:
 - i. *Avaliación inicial.* Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
 - ii. *Avaliación formativa.* Concédelle importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada caso.
 - iii. *Avaliación sumativa.* Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.
- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

PROXECTO EDUCATIVO

- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Orientadora, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- **Observación sistemática:**
 - Escala de observación.
 - Rexistro anecdótico persoal.
- **Análise das producións dos alumnos:**
 - Exames escritos.
 - Traballos de aplicación e síntese.
 - Caderno de clase.
 - Textos escritos.
 - Producións orais.
- **Intercambios orais cos alumnos:**
 - Diálogo.
 - Entrevista.
 - Postas en común.
 - Asembleas.
- **Probas específicas:**
 - Obxectivas.
 - Abertas.
 - Exposición dun tema.
 - Resolución de exercicios.
- **Autoavaliación.**

Avaliación do proceso de práctica docente

Algúns dos aspectos aos que atenderá son os seguintes:

- a) Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
- b) Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- c) Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre os alumnos e os profesores.

Procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensinanza:

- **Intercambios orais:**
 - Entrevista con alumnos.
 - Debates.
 - Entrevistas con pais.
 - Reunións con pais.
- **Observador externo.**
- **Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.**

Avaliación das programacións de aula

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

6.2. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRE A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A. PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

1. Ao finalizar cada un dos ciclos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado do grupo adoptará as decisións sobre a promoción do alumnado, tomándose en especial consideración a información e o criterio do titor ou da titora do grupo.
2. Accederase ao ciclo educativo seguinte sempre que se considere que se acadou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas. Promocionarase, así mesmo, sempre que as aprendizaxes non adquiridos non impidan seguir con aproveitamento o ciclo posterior. Neste caso, aplicaranse as medidas de apoio educativo necesarias para acadar ditas aprendizaxes.
3. Cando non se cumpran as condicións sinaladas no apartado anterior, o alumno ou a alumna permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria.
4. Accederase á etapa da Educación Secundaria Obrigatoria se se acadou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas. Promocionarase, así mesmo, sempre que as aprendizaxes non adquiridos non impidan seguir con aproveitamento a nova etapa. Para acadar ditas aprendizaxes, o alumnado poderase incorporar aos programas de reforzo ou a calquera outra medida de apoio educativo que se considere necesaria.
5. Non se poderá promocionar á etapa seguinte se non se esgotaron as medidas de apoio educativo previstas, entre as que haberá de encontrarse a permanencia dun ano máis no ciclo.
6. O Titor conseguirá dos pais ou titores legais do alumno a información complementaria que poida serlle de interese para a toma da decisión máis axeitada.
7. A decisión de que un alumno permaneza un ano máis en Educación Primaria só poderse adoptar unha vez ao longo da etapa.

B. CRITERIOS E PRINCIPIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA:

O Claustro de Profesores do centro, de acordo coa lexislación vixente e para orientar ao Titor sobre o procedemento a seguir na toma de decisións sobre a promoción dos alumnos, establece os seguintes criterios e principios de promoción en Educación Primaria.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN:

➤ **CRITERIO PEDAGÓGICO OU DE MADUREZ.**

Promocionará ao ciclo ou etapa seguinte o alumno que se considere que acadou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas.

Promocionárase, así mesmo, sempre que as aprendizaxes non adquiridos non impidan seguir con aproveitamento o ciclo posterior, aínda no caso de que sexa avaliado negativamente nalgunha área ou materia.

➤ **CRITERIO NUMÉRICO.**

Os alumnos e alumnas de Educación Primaria poden promocionar ao ciclo e etapa seguinte cun máximo de DÚAS áreas avaliadas negativamente.

➤ **COMPLEMENTARIEDADE DOS CRITERIOS**

Debido ao carácter global da avaliación nesta etapa educativa, os profesores do Centro non utilizarán como único criterio de promoción o número de áreas avaliadas negativamente. O criterio numérico aplicarase en relación co criterio pedagógico ou de madurez.

➤ **CRITERIO LEGAL**

Como a decisión de que un alumno permaneza un ano máis no mesmo ciclo só se poderá adoptar unha vez ao longo da Educación Primaria, os alumnos que permanezan unha ano máis nun ciclo, promocionarán ao ciclo ou etapa seguinte, aínda cando non consigan os obxectivos do mesmo.

PRINCIPIOS DE PROMOCIÓN.

- **PRINCIPIO DE FLEXIBILIDADE NA APLICACIÓN DOS CRITERIOS.**
Cada alumno ou alumna é un caso particular, de forma que a aplicación dos criterios de promoción será flexible e valorando obxectivamente as características, posibilidades e intereses dos alumnos/as en relación co que se considera a mellor opción para que o interesado alcance as finalidades da etapa.

- **PRINCIPIO DE REFORZO EDUCATIVO.**
Cando se aprecien nalgún alumno dificultades de aprendizaxe ou promocións con algunha materia cualificada negativamente, adoptaranse as oportunas medidas educativas complementarias que axuden a dito alumno a acadar os obxectivos programados.

APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Cando a avaliación sexa positiva en todas as áreas ou materias, o alumno/a promocionará ao ciclo ou etapa seguinte. Nos documentos de avaliación recolleranse as cualificacións que obtivera.

No caso en que o alumno non obtivera avaliación positiva nalgunha das áreas ou materias, os profesores decidirán sobre a promoción de acordo cos seguintes aspectos a considerar:

- O nivel de desenvolvemento acadado polo alumno/a no concernente ás competencias básicas necesarias para poder seguir o ritmo do grupo ou progresar nos estudos do ciclo ou etapa seguinte.

PROXECTO EDUCATIVO

- O dominio conseguido dos contidos básicos do ciclo (conceptos, procedementos e actitudes).
- Actitude positiva do alumno e o esforzo empeñado por progresar na aprendizaxe, superar as dificultades e corrixir os erros.
- A oportunidade da repetición para lograr unha maior solidez nas aprendizaxes básicas, tendo en conta o momento evolutivo do alumno e a limitación a unha soa vez da posibilidade de repetir en Educación Primaria.
- A conveniencia da separación do alumno/a do grupo, coas repercusións, positivas ou negativas, que esta medida poida ocasionar, segundo a integración que o alumno tivese no grupo, o seu carácter, intereses, etc.
- As opinións dos pais ou titores legais, que serán informados e escoitados previamente ás decisións que se adopten.
- O asesoramento do Xefe/a do Departamento de Orientación.

7. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que contemplan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios ao alumnado que o precise.

Ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación algunha á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que o centro ofrecerá unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade, como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

Concepto de atención á diversidade

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Principios xerais de actuación

1. A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.
2. A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

PROXECTO EDUCATIVO

3. As decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos contemplarán a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores legais do alumnado recibirán información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas a adoptar para a súa atención nos centros educativos.

Actuacións e medidas de atención á diversidade.

ACTUACIÓNS

Dende o centro as actuacións a dar resposta educativa á diversidade virán determinadas do seguinte xeito:

1. Tomar decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna/a.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas de actuación de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específico de apoio educativo.
6. Potenciar a acción tutorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
7. Promover a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso educativo.
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación.
9. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

MEDIDAS

Entendemos por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas sitúanse nun continuo que abrangue desde a prevención ata a intervención directa co alumnado,

PROXECTO EDUCATIVO

clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no plan de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

1.- Medidas ordinarias.

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo preescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade poden incluírse:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno a ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación
- Programas específicos personalizados
- Programas de habilidades sociais.

2.- Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesario informe xustificativo do correspondente servizo de orientación e/ou, segundo proceda, autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que corresponda.

Entre outras considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles
- Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización
- Programas de diversificación curricular

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

8. CRITERIOS PARA INTRODUCIR OS VALORES NAS DISTINTAS MATERIAS

8.1. EDUCACIÓN EN VALORES

A **educación en valores** preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, estudados dentro de Lingua, Coñecemento do medio etc. A aprendizaxe significativa, que se establece sempre desde a realidade inmediata do alumno, propicia ademais esta forma de abordar os valores, dado que a mesma situación contextual que introduce os coñecementos dunha área serve de base para estes contidos. Ademais, a metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e a forma de actuar na aula.

Entre os valores que teñen unha presenza máis relevante nestas etapas destacamos os seguintes:

- **Educación moral e cívica.**

Preséntanse contextos nos que os alumnos e as alumnas se ven obrigados a xulgar e a xerarquizar valores. En todas as actividades colectivas maniféstase unha valoración positiva da participación, o intercambio de puntos de vista, o respecto polas opinións e as regras etc.

- **Educación para a paz.**

O obxectivo é que o neno comprenda que a construción da paz é unha tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos cotiáns, moitas veces o odio entre os pobos é froito do descoñecemento e da falta de comunicación, e a mellor maneira de superar estes problemas é o diálogo.

As diferenzas culturais entre os distintos pobos son un rico patrimonio que hai que coñecer para valorar a todas as persoas por igual. O neno debe acercarse ao coñecemento doutras realidades, coa finalidade de respectar os costumes e as formas de vida que alí se manifestan.

- **Educación para a saúde.**

O coñecemento do propio corpo é a base para introducir algúns conceptos básicos de saúde e de hixiene que deben traducirse en hábitos e manterse durante toda a vida da persoa.

- **Educación sexual.**

Preséntase como esixencia natural da formación integral da persoa. O obxectivo é coñecer os cambios corporais que aparecen co crecemento e que diferencian fisicamente os dous sexos.

- **Educación ambiental.**

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do contorno e no desenvolvemento dunha actitude favorable á protección e á conservación do medio inmediato.

- **Educación viaria.**

O obxectivo é capacitar o neno na súa faceta de peón autónomo e posible condutor de bicicletas. Para iso serven como eixes de globalización as unidades referidas ao medio social: a rúa, a cidade, as vilas... Establécense coñecementos acerca dos elementos e os signos viarios, e foméntanse outros de tipo condutual que lle permiten a adquisición de hábitos precisos para desenvolverse en situacións concretas. Ademais aténdese ao coñecemento das redes e das infraestruturas de transporte, facendo partícipe ao neno das pautas de actuación no uso de calquera dos medios de transporte, privados ou colectivos.

- **Educación do consumidor.**

A educación para o consumo responsable comeza con reflexións sobre as actitudes dos nenos e das nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (a roupa, a comida, o transporte etc.) e aquilo do que poden prescindir facilmente. O aproveitamento de elementos que se consideran de refugallo proporciona experiencias que desenvolven nos nenos e nas nenas os hábitos adecuados de utilización dos recursos que teñen ao seu alcance.

- **Educación non-sexista.**

Preséntase a muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola coma no do traballo e noutros contextos cotiáns. Por outra parte, utilízase unha linguaxe coeducativa e non sexista.

9. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS.

Estas directrices teñen por finalidade facilitar e coordinar os traballos de planificación e programación das ensinanzas que os distintos equipos de ciclo deben realizar así como garantir que todas as programacións responden a uns criterios homoxéneos. Estes son:

- Propoñerse sempre na súa realización a **utilidade** das programacións para os equipos docentes. Non convertelas nun mero trámite; deben ser instrumentos útiles para unha ensinanza e aprendizaxe de utilidade.
- Asegurar a **continuidade** das ensinanzas correspondentes a unha mesma área ao longo dos distintos cursos.
- Elaborar as programacións en equipo: A **elaboración** da programación de ciclo correspóndelle ao equipo docente do ciclo correspondente. Será redactada polo coordinador/a do mesmo nun documento de texto, precedido dun índice e debidamente paxinado. Será redactada en galego, se ben a área de lingua castelá poderá ser redactada en galego ou en castelán.
- Guiarse por criterios selectivos de **aprendizaxes** verdadeiramente relevantes e imprescindibles. Realizar unha selección de contidos básicos que melloran competencias.
- Establecer **relacións** coas distintas **áreas e plans** (proxecto lingüístico, proxecto lector, plan de integración das TIC, plan de atención á diversidade,...) Levalo a cabo mediante unha secuenciación coherente dos contidos e a súa integración coordinada no conxunto das áreas do curso, do ciclo e da etapa.
- Incluír os criterios de **avaliación e promoción**. Seleccionar aqueles criterios que van servir para avaliar ao noso alumnado con precisión. Ditos

PROXECTO EDUCATIVO

criterios plantexarán sempre a realización de tarefas útiles e funcionais que amosen que a aprendizaxe dos contidos serven para algo.

- Indicar con que **procedementos e instrumentos** de avaliación se vai realizar a recollida de información dos progresos.
- Atender ás **necesidades** máis perentorias do alumnado do noso centro, ao seu contexto e características xerais.
- Os equipos de ciclo desenvolverán as programacións didácticas das áreas que lle correspondan, incluíndo as distintas **medidas de atención á diversidade** que puideran levarse a cabo.
- Os equipos docentes do CEIP Praia de Quenxe terán sempre en conta que as áreas de Matemáticas, Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura, dado o seu carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos, recibirán especial consideración.
- Os distintos apartados de cada unha das programacións organizaranse seguindo unha mesma orde.
- Prescindir do desenvolvemento das unidades didácticas, dado que estes elementos forman parte da programación de actividades e tarefas.
- As programacións aprobadas serán obxecto de seguimento e avaliación.

O modelo proposto polo centro ten carácter orientativo. Cada mestre ou mestra pode adaptalo as súas necesidades, preferencias ou estilo particulares. En todo caso hai certos aspectos que toda programación debe contemplar por norma legal.

Un esquema de programación amplo, adaptable a calquera área, nivel ou ciclo podería ser o seguinte:

1.- INTRODUCCIÓN

2.- CONTEXTO

2.1. O CENTRO

2.2. XORNADA ESCOLAR

2.3. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIFICAS DE APOIO EDUCATIVO

2.4 ATENCIÓN A DIVERSIDADE

3.- ÁREA

Breve descripción da área.

3.1. HORARIO DA ÁREA

3.2. ELEMENTOS MATERIAIS PROPIOS DA ÁREA

4.- RELACIÓN CO CURRÍCULO

4.1 COMPETENCIAS BÁSICAS

Enumerar e describir as competencias básicas relacionadas coa área.

4.2. RELACIÓN COS OBXECTIVOS

4.3. RELACIÓN COS CONTIDOS

4.4. INTRADISCIPLINARIEDADE

4.5. INTERDISCIPLINARIEDADE

4.6. TRANSVERSALIDADE

5.- UNIDADES DIDÁCTICAS

Ademais dos obxectivos e contidos, deberemos incluír como primeiro punto as competencias básicas propias de cada unidade.

6. AS SESIÓNS

6.1. AS PARTES DA SESIÓN

6.2. NORMAS XERAIS COMÚNS A TODAS AS SESIÓNS

7.- METODOLOXÍA

7.1. ACHEGAS METODOLOXÍCAS

7.2. ESTILOS DE ENSINANZA

7.3. ASPECTOS XERAIS DE METODOLOXÍA

8.- AVALIACIÓN

9.- BIBLIOGRAFÍA

Incluír a lexislación e os materiais de referencia empregados (libros, manuais, páxinas web, CDs, etc...)

10. ANEXOS

Formarán parte deste documento os seguintes anexos:

- PLAN DE CONVIVENCIA
- PROXECTO LECTOR DE CENTRO
- PROXECTO LINGÜÍSTICO
- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC
- PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL
- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- PLAN DE INTRODUCCIÓN Á LINGUA ESTRANXEIRA EN ED. INFANTIL

.....

Aprobado polo Consello Escolar con data 27 de Xuño de 2011

A Secretaria

***O Director/
Presidente do Consello Escolar***

Asdo: Paz Santiso Andrade

Asdo: Delfino Domínguez Lestón

